

## Curso monográfico - LINGUA E CULTURA PORTUGUESAS

**Destinatarios:** Público en xeral; antigo alumnado que pretenda manter o contacto co idioma; alumnado que pretenda matricularse ou presentarse por libre, no futuro, ao nivel avanzado (C) . Para un bo aproveitamento, debe contar, como mínimo, co nivel B2.

**Obxectivos:** Este monográfico ten como finalidade intentar proporcionar ao alumnado as estratexias que lle permitan:

- reforzar o traballo de todas as destrezas, insistindo na vertente comunicativa (expresións oral e escrita);
- desenvolver as diversas destrezas do alumnado de xeito que, ao final desta actividade, sexa capaz de expresarse con naturalidade e adecuación sobre temas de carácter xeral e de expoñer os seus puntos de vista e as súas opinións con fluidez e corrección, tanto morfosintáctica, como fonética e léxica.

**Temas:** Estarán relacionados con contidos de carácter histórico e cultural propostos polo profesor e, eventualmente, outros suxeridos polo alumnado, dunha ampla lista de posibilidades.

**Metodoloxía:** Utilizarase unha dinámica eminentemente participativa e activa.

**Actividades:** Serán sempre actividades que impliquen a colaboración activa do alumnado na súa aprendizaxe, que sexan o máis variadas posible e que inclúan propostas que sirvan de estímulo á práctica da lingua obxecto de estudo: traballo individual e en parella, debates, dramatizacións, pequenas exposicións sobre un tema de actualidade ou de carácter histórico-cultural, xogos de vocabulario, etc.

**Materiais:**

- documentos audiovisuais auténticos (documentais, cancións, extractos de programas de arquivo, etc.);
- reportaxes, entrevistas, etc.) que estimulen o alumnado a participar en debates e a expresar a súa opinión ao respecto;
- documentos escritos (extractos de prensa, de obras literarias, publicidades, etc.);

- Debuxos e fotos (humorísticos, críticos, etc.).
- Aula Virtual (Moodle), para utilización presencial e acceso remoto.

### Temporalización:

O curso ten carácter anual distribuídas en unha sesión semanal de dúas horas, cunha duración total de 60 horas, en formato presencial (prevese a utilización da plataforma *Webex*, en caso de necesidade sanitaria).

NIVEL	TEMPORALIZACIÓN Curso completo	DESCRICIÓN
C1	<b>60 horas</b> (52 presenciais + 8 traballo individual)	Lingua e cultura portuguesas.

### Avaliación:

Será unha avaliación continua e personalizada do alumnado a través da observación do seu desenvolvemento e da súa progresión nas actividades feitas na aula, na que este obterá a cualificación de “apto” ou “non apto”. A superación destes cursos non dará lugar á obtención de certificados do nivel. Non obstante, a EOI poderá certificar ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o seu aproveitamento. Para obter esta certificación positiva, o alumnado deberá asistir como mínimo ao 80% das clases presenciais e presentar con calidade os traballos requiridos polo docente, que xustificarán as horas de traballo individual.